



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 15 DE MAIO DE 2019**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo o doce horas e tres minutos do día quince de maio de dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Luís Lisardo Santos Ares e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

#### **ASISTENTES:**

##### **Alcalde-Presidente:**

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

##### **Concelleiros:**

Germán Astray Maceiras. (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (Todos por Sobrado).

Ángel López Fidalgo (Todos por Sobrado).

Victoria Veiga Mejuto (concelleira non adscrita).

José Antonio Espiño Rodríguez (concelleiro non adscrito).

#### **AUSENTES:**

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Juan Aller Penas (Concelleiro non adscrito).

#### **Secretaria:**

Elena González López

#### **ORDE DO DÍA**

##### **1. APROBACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE SOBRADO.**

Toma a palabra a secretaria e le o borrador do ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Facenda o día 10 de maio de 2019 en relación co asunto incluído na orde do día.

A continuación intervén o Alcalde para explicar o contido da súa proposta baseándose na necesidade de dar solución a unha situación irregular en relación co persoal laboral do Concello e o que se pretende coa aprobación deste convenio e mellorar a dita situación. Expón que houbo reunións cos sindicatos para elaborar este documento dende 2017.

A voceira de Todos por Sobrado, María Jesús García Souto, concorda en que debe solucionarse a situación de desigualdade na situación e retribucións do persoal e recoñece que hai que dar solucións e que debe continuarse nesa liña. Critica que se faga en período electoral.

O alcalde contesta que queda pendente de aprobar a Relación de postos de traballo se que se vai facer a contratación na semana que ven.

Rematado o debate sométese o acordo a votación. O resultado da votación e aprobación por unanimidade da seguinte proposta de alcaldía:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

PRIMEIRO. Aprobar o documento do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Sobrado asinado pola comisión negociadora en data 5 de febreiro de 2019.

SEGUNDO.- Comunicar o acordo do pleno aos integrantes da comisión negociadora do convenio colectivo e emprazar á mesma para que proceda a realizar os trámites legalmente preceptivos ante a Autoridade laboral competente, aos efectos do seu depósito, rexistro e publicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as nove horas e nove minutos, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*Documento asinado electrónicamente pola secretaria na data que figura na marxe deste documento*

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)